

Verbas de amor con premio

A xornalista Moncha Prieto, de Milladoiro, resultou gañadora do VII concurso de cartas de amor que cada ano organiza Radio Fene co gallo da festividade de San Valentín. Como novidade, o xurado acordou nesta ocasión concederlle un áccesit a Miguel Ángel Rozados, de Santiago de Compostela. Máis de 20 persoas participaron no certame.

- 11:36 14/02/2003

A VII edición do concurso de cartas de amor que organiza [Radio Fene](#) xa ten gañador. Segundo o xurado co certame, a carta presentada por Moncha Prieto destaca "pola súa densidade literaria e construción formal, así como pola súa cadencia e un idioma moi coidado".

Como novidade o xurado, conformado polo escritor Miguel Anxo Fernán-Vello, a novelista Rosa Aneiros e o xornalista Nicolás Vidal acordou a concesión dun áccesit para a carta presentada por Miguel Ángel Rozados. Esta decisión foi tomada atendendo ao "sentido expresado polo autor acerca da ausencia da amada, tendo en conta o contexto vital e social, onde non faltan referencias a temas como o desastre do Prestige".

O premio do certame consiste nunha cea para dúas persoas e a estacia dunha noite no [Gran Hotel Enrique I](#). A estancia coincidirá cunha cea-baile de namorados organizada polo devandito establecemento.

Radio Fene editará proximamente o libro *Dez cartas de amor*, prologado por Bieito Iglesias e Henrique Sanfiz. A obra recollerá as mellores cartas presentadas ao certame nos últimos anos.